



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical CIG Telefónica Pontevedra

Email pontevedra@cigtelefonica.com

Teléfono 986264949

www.cigtelefonica.com

POSICIÓN DA C.I.G. SOBRE A

SITUACIÓN NA TELEFÓNICA

Logo do proceso de Negociación Permanente que vimos de sufrir sobre a Prórroga do Convenio, quedou de novo ben claro que a Empresa pretende a liquidación do Emprego en Telefónica tal e como o coñecemos, para conducirnos a unhas relacións laborais individualizadas, precarizadas e cunha menor remuneración da forza de traballo; con reducións drásticas do persoal, ademais dun final incerto da vida laboral de cada quen. Tal e como vimos dicindo seguirá sendo unha prioridade na axenda da Empresa, e teremos que volver a enfrontalo na negociación do vindeiro Convenio Colectivo entre tod@s.

Este intento de liquidar o actual Contrato Colectivo de Emprego en Telefónica só pode ser resolto polo suxeito directamente interesado, a totalidade do cadro de persoal, o Colectivo de Traballadores e Traballadoras de Telefónica. En ningún caso as “Mesas de negociación (ocultación) permanente” teñen lexitimidade ética e sindical para substituír o conxunto dos traballadores e traballadoras nun asunto tan importante e de longo prazo coma este.

A entidade dos cambios propostos pola Empresa nas relacións laborais e a irresponsabilidade dos seus colaboradores sindicais debe levarnos a todos e a todas a comprometermos nunha posición común, obrigando as centrais que negociaron a prórroga a definir a súa posición a respecto dos dereitos atacados e construír entre todos a unidade sindical necesaria para enfrontar a situación creada.

Por iso o noso sindicato di que:

-RECLAMAMOS UNHA PLATAFORMA REIVINDICATIVA UNITARIA PARA A NEGOCIACIÓN DUN NOVO CONVENIO

-REXEITAMOS A NEGOCIACIÓN PERMANENTE

-DEMANDAMOS A AMPLIACIÓN DO EMPREGO E A RECUPERACIÓN DA ACTIVIDADE

-DEFENDEMOS OS DEREITOS LABORAIS ACTUAIS EN TELEFÓNICA E A SÚA MELLORA

-ESIXIMOS A CONSULTA Á TOTALIDADE DO CADRO DE PERSOAL ANTES DE DECIDIR

Por riba de matices e diferenzas, que recollen a pluralidade ideolóxica e organizativa do movemento sindical en Telefónica, comprometémonos a traballar pola unidade sindical necesaria para informar, crear opinión, articular, aglutinar e mobilizar o conxunto dos/as traballadores/as na defensa dos seus lexítimos dereitos e intereses ao longo deste proceso, fundados nestes pronunciamentos que vimos de relacionar.